

ACTA da XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN

DATOS DA PERSOA CONVOCANTE

Nome: SONIA	1.º apelido: GÓMEZ	2.º apelido: NAYA	NIF: 34898059K
Federación: F. GALEGA DE ORIENTACIÓN (FEGADO)	Cargo: PRESIDENTA		

LUGAR, DATA E HORA DA CONVOCATORIA:

Lugar:	https://teams.microsoft.com		
Data:	19/02/2024	Hora:	21:30 h

PERSOAS ASISTENTES

Nome e apelidos	Cargo	Club	Asiste	Non asiste
Sonia Gómez Naya	Presidenta	Compás	X	
Claudia Oreiro Chapela	Vicepresidenta	Gallaecia	X	
Roberto Amarelle Garabán	Secretario	Compás	X	
Javier Antoñón Clemente	Tesoureiro	Arnela	X	
Teresa Bellón Santos	Responsable O-pé	Aromon	X (22.10 H)	
Alicia Pérez Alonso	Responsable MTBO	Raza Palleira	X	
Adrián Pérez Alonso	Responsable Raids	Raza Palleira	X	
José A. Ricoy Bugarín	Responsable Trail-O	Aromon		X
Jorge Piñeiro Portela	Responsable Direc. Técnica	Ártabros	X	
María Piñeiro Varela	Responsable de Comunic.	Ártabros	X (22.00 H)	
Candela Puime López	Responsable Deporte Escol.	VigOrienta		X
Francisco Varela Lorenzo	Convidado colaborador da FEGADO	Compás	X (22.40 H)	

ORDE DO DÍA

- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior (15-01-2024)**
 Aprobase por unanimidade a acta da xunta directiva anterior celebrada o día 15/01/2024 (7 votos a favor).
- Cambio da vogalía de raids. Nomeamento de Adrián Pérez Alonso do club Raza Palleira**
 Toma a palabra a presidenta da FEGADO para indicar o nome do novo vogal da Xunta Directiva, Adrián Pérez Alonso, despois de producirse a dimisión do anterior vogal, Manuel Pedre Vázquez.
- Universitario autonómico**
 Intervén a presidenta da FEGADO para explicar que este ano o campionato Universitario autonómico será organizado conxuntamente polos clubs Gallaecia Raid de A Coruña e o Club Compás de Lugo. Este campionato constará de 3 percorridos: un percorrido para homes e mulleres pertencentes á comunidade universitaria e outro para nenos e nenas de tecnificación. Así mesmo aclara que aqueles corredores e corredoras federados/as que desexen participar na proba tamén o poderán facer, previo un pago de 3 euros que se ingresarán directamente na conta de FEGADO.
 Toma a palabra a vicepresidenta, Claudia Oreiro, para indicar que aínda que na aplicación de pagamentos SICO pon por defecto que a cantidade a ingresar é de 10 euros a cantidade real é de 3 euros. Por esta razón será preciso publicar unha nota aclaratoria na páxina web da FEGADO na que se faga constar esta observación.
 A presidenta engade que a cantidade total recaudada por este concepto destinarase a pagar parte do autobús da selección galega de menos e nenas para o Campionato de España de Orientación (CEO).
 Finalmente volve a intervir a vicepresidenta, Claudia Oreiro, para xustificar que este ano non se celebrará o campionato escolar autonómico.

4. Auditoría

Intervén a presidenta para indicar que a semana pasada a Secretaría Xeral para o Deporte (SXD) enviou un requirimento como resultado da Auditoría realizada, no que piden que se aclare a procedencia duns 4000 euros do ano 2021-2022. A presidenta aclara que nesos anos aínda a Xunta Directiva actual non tomara posesión e polo tanto sería responsabilidade da Xunta Directiva anterior. Non obstante, o asesor contable e fiscal da Federación (Alberto Lamela) emitíu un informe asinado pola presidenta da FEGADO no que se explica que esa cantidade procede dunha duplicación de convenios con clubs.

5. Curso de trazadores e cartógrafos

A presidenta propón a organización e realización por parte da FEGADO de cursos de trazadores e cartógrafos a desenvolver na nosa comunidade tanto de nivel I como de nivel II. Os membros da Xunta Directiva concordan na existencia da necesidade deses cursos debido a carencia tanto de trazadores como de cartógrafos nos diferentes clubs.

6. Voluntarios para o OBM de Santiso organizada pola FEGADO

A presidenta indica que unha vez pechado o formulario para a solicitude de voluntarios/as na proba de OBM organizada pola FEGADO, foron un total de 23 persoas as que amosaron o seu interese en colaborar polo que se lle asignará diferentes funcións a cada unha delas tanto nos preparativos das dúas probas como durante o desenvolvemento das mesmas.

7. Tecnificacións

Toma a palabra Jorge Piñeiro, como director técnico da FEGADO, para explicar as diferentes actividades que se realizarán nas vindeiras tecnificacións das probas de O Bolo (24-02-2024) e no Campionato Universitario autonómico de A Coruña (09-03-2024).

8. Axuda cartografía

Toma a palabra a presidenta para indicar que xa se deberían publicar as axudas económicas para a realización de novos mapas de orientación.

Intervén o colaborador da FEGADO de cartografía, Francisco Varela Lorenzo, para indicar que esas axudas económicas deberían de ser para realizar mapas de orientación de cara aos seguintes anos, para deste xeito facilitar a xestión na concesión desas axudas económicas.

Toma a palabra Jorge Piñeiro para indicar que sería máis conveniente publicar esas axudas económicas a partir do mes de xuño, unha vez que se realizou a Asamblea Xeral de xuño e se aprobou o calendario das novas probas do ano 2025. Deste xeito xa se coñecerán as probas que se van a realizar no vindeiro ano e polo tanto as distintas opcións ás que se poden dirixir esas axudas económicas.

Os/as integrantes da Xunta Directiva concordan neste aspecto polo que se decide publicar esas axudas económicas unha vez publicado o novo calendario de probas do ano 2025 no mes de xuño.

9. Dorsais únicos

Toma a palabra a presidenta para explicar que este ano a FEGADO empregará os mesmos dorsais que a FEDO. Porén pregúntase como actuará a FEGADO ante aqueles participantes que fan licencia de un día ou se esquecen do dorsal. Proponse que se actúe do mesmo xeito que fai a FEDO, é dicir, pagar 2 euros para a emisión dun dorsal único, polo que será preciso que o club organizador da proba sele o dorsal do corredor/a que só será válido para disputar esa proba.

Para ter dorsais en branco a presidenta indica que se mercarán uns 50 dorsais en branco para que os clubs teñan o día da proba e os poidan emitir nas circunstancias anteriormente expostas.

10. Rogos e preguntas

Intervén Adrián Pérez Alonso, para preguntar de canto diñeiro dispón a súa vogalía para realizar tecnificacións, adestramentos, axudas a campionatos, etc. Respóndelle a presidenta que esa

cantidade está fixada en 500 euros pero que dependendo das circunstancias poderíase incrementar.

Intervén o tesoureiro da FEGADO, Javier Antoñón, para aclararlle que os equipos mixtos da selección galega e xuvenís é a propia FEGADO a que financia de xeito gratuíto as súas inscricións. Toma a palabra Jorge Portela, director técnico da FEGADO, para indicar que nas vindeiras semanas se publicará o documento único relacionado cos criterios de selección de todas as vogalías dos equipos da selección galega.

E sen máis asuntos que tratar, a presidenta da FEGADO dá por finalizada esta Xunta Directiva sendo as 23:10 h do día antes indicado.

SINATURAS

Roberto Amarelle Garabán
Secretario da FEGADO

Vº Bº Sonia Gómez Naya
Presidenta da FEGADO



Lugar e data:

VIGO

20

de

FEBREIRO

de

2024